



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OIMBRA PARA A MELLORA DA ESTRADA MUNICIPAL QUE UNE OIMBRA CON SAN CIBRAO. 1ª FASE

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Ana M^a Villarino Pardo, na súa condición de alcaldesa do Concello de Oimbra, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Segundo. O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas garantir a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

Terceiro. O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

Cuarto. O Concello de Oímbra precisa mellorar o tramo da estrada municipal que une os núcleos con maior poboación do municipio (Oímbra e San Cibrao) e tamén os



pobos fronteirizos portugueses como son Cambedo e Vilarelho da Raia. Esta estrada presenta un elevado tránsito de vehículos lixeiros pero tamén soporta o tráfico de maquinaria agrícola, xa que a zona ten unha gran relevancia agrícola.

O estado actual do pavimento da estrada presenta unha degradación superficial acusada. A acumulación de terra nos seus laterais foi estreitando o ancho da vía.

As obras suporán un aumento da seguridade vial xa que se proxecta reforzar e renovar a calzada coa aplicación dunha capa de 6 cm de espesor de aglomerado asfáltico en quente como capa de rodadura. Proxéctase realizar unha regularización do ancho da vía de tal modo que se fixe un ancho constante de 6 m sempre que sexa posible. As obras levaranse en varias fases. Esta 1ª fase afectará a 800 metros dos 2100 metros totais.

Este ancheamento do vial a 6 m permitirá ademais pintar a liña do eixo da calzada, agora inexistente ao non contar co ancho suficiente. Deste modo, os vehículos verán incrementada de modo substancial a seguridade viaria, ao encauzarse moito mellor o seu tránsito, ademais de contar cunha referencia visual de noite ou en caso de condicións meteorolóxicas desfavorables.

Quinto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Oímbra, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

A actuación obxecto deste convenio une os núcleos con maior poboación do municipio, nun concello, o de Oímbra, no que concorre a circunstancia excepcional de non contar con ningún vial autonómico que discorra polo seu ámbito territorial, e que por tanto non é obxecto de investimentos en materia de estradas nin de modo ordinario nin extraordinario por parte da Administración Autonómica.

As obras proxectadas son complementarias á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental eu da calzada e da infraestrutura viaria. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria que é concorrente cos obxectivos do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 nun concello no que a Xunta non pode actuar por si mesma ao non ser titular de ningunha estrada, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Oímbra ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da



Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Oímbra para a mellora da estrada municipal que une Oímbra-San Cibrao.

O estado actual do pavimento da estrada presenta unha degradación superficial acusada. A acumulación de terra nos seus laterais foi estreitando o ancho da vía.

As obras suporán un aumento da seguridade vial xa que se proxecta reforzar e renovar a calzada coa aplicación dunha capa de 6 cm de espesor de aglomerado asfáltico en quente como capa de rodadura. Proxéctase realizar unha regularización do ancho da vía de tal modo que se fixe un ancho constante de 6 m sempre que sexa posible. As obras levaranse en varias fases. Esta 1ª fase afectará a 800 metros dos 2100 metros totais.

O orzamento de execución das actuacións estímase en **SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00€)**, IVE incluído.



SEGUNDA.- REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Oímbra cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO

O Concello de Oímbra obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas).
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestructuras. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
4. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
5. Comunicar á Axencia Galega de Infraestructuras, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestructuras a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
7. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestructuras e Vivenda –Axencia Galega de Infraestructuras) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.



CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a actuación, destinando para iso ata un máximo de **SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00€)**, con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2018.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación da execución das obras terá unha repercusión directa no financiamento da AXI, xerando dito importe de adxudicación o límite máximo da contía obxecto de subvención.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Oímbra xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.
- Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acreedor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.



- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2018. A data límite para a xustificación destes gastos é o 30.11.2018.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Oímbra, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Oímbra.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.



As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestructuras, poñendo aos seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.



DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018 e financiará os gastos realizados dende a data de sinatura do convenio nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

A alcaldesa do Concello de Oímbra

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Ana M^a Villarino Pardo